

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que, o 20 de novembro de 1979 o Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra tomou o acordo de clasificar como tal o nomeado "Montes de Figueiró", da pertenza á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de figueiro, concello de Tomiño.

Publicado dito acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, non se presentou reclamación algunha, polo que é firme.

2º.- Que, a Comunidade de Figueiro, con data 24 de xaneiro de 1991, presentou certificación do acordo acadado en Asamblea xeral celebrada o 6 de xaneiro de 1991, acordando solicita-la firma dun Convenio que afecte ás 110 Hás. de monte da súa pertenza, previa rescisión, na parte da súa pertenza, do Consorcio formalizado entre o Concello de Tomiño e o ICONA, facultando ó Presidente, D. Santos Ozores Palomino para firmalo Convenio.

3º.- Que, o ano de comenzo do Consorcio foi 1951.

4º.- Que, a superficie a conveniar é a seguinte:

Zona consorciada	<u>92 Hás.</u>
Zona sin consorciar	<u>18 Hás.</u>
Superficie Convenio	110 Hás.

Sendo o estado forestal actual do monte, na superficie a Conveniar, o seguinte:

Superficie arbolada	110 Hás.
Superficie rasa	<u>0 Hás.</u>
Total superficie	110 Hás.

5º.- Que, os gastos por traballos mailos ingresos do monte, segundo consta na conta do anticipo reintegrable, foron:

Gastos 11.451.727.- Pts.

Ingresos, incluída a condonación
da débeda, Lei 13/89 7.769.865.- Pts.

Saldo a favor da Admón. 3.681.862.- Pts.

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE FIGUEIRO"

Elenco: 3615646

Superficie: 110 Hás.

Pertenza: Comunidade de Figueiro

Concello: Tomiño

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da propiedade no vó creado: 70%

Participación da Consellería no vó creado: 30%

Saldo inicial da conta: 3.681.862.- Pts.

SEGUNDO.- Que o monte PO-3136, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "SERRA ARGALIO, CRUCEIRO, PICOTO E OUTROS"

Elenco: PO-3136

Superficie: 111'74 Hás.

Pertenza: Comunidade de Estas (52 Hás) e Goian (59'74 Hás)

A descontar da conta de ingresos: 7.769.865.- Pts.

A descontar da conta de gastos: 11.451.727.- Pts.

No obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 1992.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.



Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

ILMO. SR.;

Visto o expediente relativo á sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade veciñal de Figueiro, propietaria do monte veciñal en man común "Montes de Figueiro", do concello de Tomiño, e á vista do informe favorable emitido pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias forestais de Pontevedra, procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento; e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sin aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto. Asimesmo, axústase ó disposto na Lei de Galicia 13/1989 de montes veciñais en man común.

Santiago, 7 de xaneiro de 1992.

O XEFE DA SECCION XURIDICA



Xosé Lago García.

ILMO. SR, DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL,

Visto o informe favorable da Sección Xurídica da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e a proposta da mencionada Dirección, con esta data RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE FIGUEIRO"

Elenco: 3615646

Superficie: 110 Hás.

Pertenza: Comunidade de Figueiro

Concello: Tomiño

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da propiedade no vó creado: 70%

Participación da Consellería no vó creado: 30%

Saldo inicial da conta: 3.681.862.- Pts.

SEGUNDO.- Que o monte PO-3136, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "SERRA ARGAIO, CRUCEIRO, PICOTO E OUTROS"

Elenco: PO-3136

Superficie: 111'74 Hás.

Pertenza: Comunidade de Estas (52 Hás) e Goian (59'74 Hás)

A descontar da conta de ingresos: 7.769.865.- Pts.

A descontar da conta de gastos: 11.451.727.- Pts.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 1992.

O CONSELLEIRO

(ORDE DO 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TECNICO,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

DIRECCION GENERAL DE LO FORESTAL Y DEL MEDIO AMBIENTE NATURAL

CONVENIO

N.º	36	15646
-----	----	-------

Comunidad: **FIGUEIRO**

Ayuntamiento: **TOMIÑO**

Provincia: **PONTEVEDRA**

Este Convenio se establece al amparo de lo previsto en los artículos 24º y 49º al 56º y 58º del Real Decreto 1.279/1978, que aprueba el Reglamento para la aplicación de la Ley sobre Fomento de Producción Forestal complementados con los pertinentes de la Ley de Montes Vecinales de Mano Común y Reglamento para la aplicación de la misma y con el Decreto 69/1984, de 23 de Marzo, de la Xunta de Galicia.

Se registrá por las cláusulas que a continuación se consignan.

1.ª. El Convenio tiene por objeto:

- La modificación de las condiciones establecidas en el Consorcio suscrito con fecha **1951** para la repoblación de los terrenos que se describen en la cláusula 2.ª cuyo Consorcio queda anulado por el presente documento.
- La incorporación a este nuevo contrato del vuelo y obras auxiliares creados al amparo del anterior Consorcio.
- La repoblación forestal de los terrenos todavía susceptibles de ella, que se describen en la cláusula segunda, la conservación y tratamiento selvícola de las masas que se creen, el aprovechamiento de las mismas y los trabajos de mejoras del monte.
- La conservación, tratamiento selvícola y aprovechamiento del arbolado preexistente e independiente del Consorcio anterior, que continuará perteneciendo a la Comunidad propietaria (táchese si no existe).
- Las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con los anteriores fines.

2.ª Los terrenos a los que el presente Convenio afecta pertenecen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Figueiró.**

y son los que se describen a continuación:

Denominación: **Montes de Figueiró.**

Situación administrativa y legal: **Monte veciñal en man común.**

Límites: **N: Montes de Estás e Concello de Oia**

E: Fincas particulares.

S: Fincas particulares e Montes de Goián.

O: Montes de Goián e Concello de Oia.

Superficie: **110 Has.**

Estado Forestal: **61 Has de "pinus pinaster" e 49 Has de "Eucalip-
tus"**

Con arbolado perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo: **18 Has**

Con vuelo creado por el ICONA procedente de repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior que se convierte y anula: **92 Has**

Sin vegetación arbórea: **----**

Servidumbres: **-----**

3.ª El suelo continuará perteneciendo a **Comunidade de Figueiró**

que aporta al Convenio:

a) Su participación en el vuelo creado en virtud del Consorcio anterior:

b) Los terrenos descritos en la cláusula segunda.

c) El arbolado de su pertenencia existente en los mismos que se citan en la cláusula segunda (tá-
chese si no existiese).

4.ª La Consellería de Agricultura, aporta al Convenio su participación en el vuelo creado en virtud del anterior Consorcio y las cantidades necesarias para cubrir los gastos a que dará lugar la ejecución del Convenio.

En la correspondiente cuenta de gastos, el **50** por ciento se contabilizará en concepto de subvención. El restante **50** por ciento como anticipo reintegrable al interés **1 %** del Banco de España.

5.ª Como primera partida de la cuenta del Convenio se consignará el saldo acreedor resultante de cerrar las cuentas de gastos e ingresos de los Consorcios anteriores, que quedarán extinguidos. Dicho saldo será la diferencia entre la totalidad de los gastos realizados con motivo de los Consorcios anteriores y la totalidad de los ingresos procedentes de los aprovechamientos realizados, con excepción de los percibidos por las partes que hayan intervenido en los consorcios como supuestos propietarios.

La relación de Consorcios a convertir, es como sigue: **92 Has Consorcio monte
"Serra Argallo, Cruceiro, Picoto e outros", PO-3136**

6.ª Las propuestas o proyectos necesarios para el desarrollo de las finalidades consignadas serán aprobados por la Dirección General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural, de la Consellería de Agricultura.

7.ª De los ingresos obtenidos en cada aprovechamiento del arbolado procedente de la repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior o del presente Convenio, la Consellería de Agricultura se reservará el **30** por ciento y entregará el **70** por ciento restante a la Comunidad propietaria.

De los ingresos obtenidos en los aprovechamientos del arbolado existente en el monte y por tanto perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo, la Consellería de Agricultura, recibirá el **30** por ciento y la Comunidad propietaria el **70** por ciento restante.

Si como consecuencia de la ejecución de un aprovechamiento la participación de la Consellería de Agricultura excediera del saldo acreedor existente en ese momento, en concepto del anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, se entregará el exceso a la Comunidad propietaria.

Los ingresos obtenidos de los restantes aprovechamientos, que se realizarán previa conformidad de la Comunidad propietaria, y que estarán subordinados en cuanto a su localización, época y cuantía, a las necesidades de la repoblación y conservación del vuelo, corresponderán al titular del suelo.

- 8.^a En el caso de incendio el Servicio de lo Forestal Provincial de la Consellería de Agricultura procederá al aprovechamiento del vuelo existente en el terreno siniestrado distribuyendo el importe que se obtenga con arreglo a las normas establecidas en el Convenio y a la restauración de la masa arbórea en las mismas condiciones económicas que el Convenio establece para el resto de los trabajos.

El presente Convenio, para su pleno funcionamiento y eficacia a todos los efectos como título auténtico, deberá ser suscrito por los representantes autorizados de ambas partes, figurando en el mismo certificación del acuerdo de la Junta de Comunidad, con el "quorum" reglamentario, en el que se designe la persona autorizada a efectos de la firma del Convenio.

Hasta que tenga lugar la devolución del anticipo de la Consellería de Agricultura asumirá la posesión del vuelo creado en virtud del antiguo Consorcio o que se cree, estableciéndose un derecho real de garantía sobre el mismo, que sin más requisitos que el contrato administrativo, será inscribible en el Registro de la Propiedad.

- 10.^a La duración de este Convenio será por un período de **25** años.
Transcurrido dicho período y si la Consellería de Agricultura con su participación en beneficios que se consigna en el primer párrafo de la cláusula séptima, hubiere cubierto su saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido el Convenio, reintegrándose el suelo y las existencias que sustentare a la plena posesión de la Comunidad propietaria.

En caso contrario, se prorrogará el Convenio automáticamente hasta que el resarcimiento tenga lugar.

En el caso de que el saldo acreedor de la Consellería de Agricultura se hubiera cubierto antes de que transcurra el plazo de duración del Convenio, se considerará este tácitamente renovado, de no existir manifestación expresa de una de las partes.

En cualquier momento podrá cancelarse el Convenio previo abono a la Consellería de Agricultura del saldo pendiente.

La extinción del Convenio lleva consigo el que la totalidad del vuelo existente acceda al titular de la propiedad del suelo, con exención del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados.

- 11.^a Todas las mejoras realizadas en el monte, tales como caminos, construcciones, etc., quedarán a beneficio del titular del suelo al extinguirse el Convenio. Sin embargo los caminos y otras obras de interés general quedarán gravados con una servidumbre de uso a favor de la Consellería de Agricultura si ésta lo precisare.
- 12.^a La especie a utilizar para la repoblación forestal objeto de este Convenio será **xénero pino,**
con algún bosque de frondosas, segundo plans anuais de trabllo
- 13.^a El Convenio tendrá carácter administrativo y todas las cuestiones que surjan acerca de su cumplimiento, rescisión, ejecución e interpretación, corresponderán a la jurisdicción administrativa de la Consellería de Agricultura y dentro de la misma se resolverán por el Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural.

Contra estos acuerdos se podrá recurrir en alzada ante la Consellería de Agricultura en el plazo de quince días hábiles, cuya resolución pondrá fin a la vía administrativa, pudiendo entablarse contra ella recurso contencioso-administrativo.

Don **RUBÉN FERREIRA ALONSO** Secretario de la
Junta de Comunidad de **FIGUEIRO**

CERTIFICO: Que las cláusulas que anteceden han sido aprobadas por esta
Comunidad, cumpliéndose el requisito del «quorum» legal en Junta
General celebrada el día **6 xaneiro 1991** designándose
a **Santos Ozores Palomino**


como representante de esta Junta a efectos de la firma del Convenio.

Y para que conste, expido la presente Certificación en **Figueiró**
a **25** de **novembro** de mil novecientos **noventa eun**

EL SECRETARIO,

V.º B.º

El **PRESIDENTE**



Fdo.: **Rubén Ferreira Alonso**

Fdo.: **Santos Ozores Palomino**

D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ** Director
General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural de la Consellería de Agricultura de la Xunta
de Galicia, da su conformidad a las Bases del presente Convenio y propone su firma.



A la vista de la anterior propuesta se firma el presente Convenio en **Santiago de Compostela**
a **8** de **xaneiro** de **1992**.

Por la propiedad,



Por la Consellería de Agricultura,

O CONSELLEIRO
(ORDE DO 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TECNICO,



Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez**.

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que con data 8 de xaneiro de 1992, asinouse o Convenio 3615646, entre a Comunidade Veciñal de Montes en Man Común de Figueiró coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para unha superficie de 110 Hás.

2º.- Que a citada Comunidade, en assemblea xeral extraordinaria de 30 de agosto de 1992, acordou amplía-la superficie conveniada con 96 Hás. mais de monte da súa pertenza.

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

UNICO.- Aproba-las novas características do Convenio 3615646, sendo no sucesivo, as seguintes:

Nome: "MONTES DE FIGUEIRÓ"

Elenco: 3615646

Superficie: 206 Hás.

Pertenza: Comunidade de Figueiró

Concello: Tomiño

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%


.../...

Participación da Propiedade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%

No obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 1993.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

A petición da Comunidade Veciñal de Montes en Man Común de Figueiro (Concello de Tomiño), e a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural e visto o informe favorable da Xefatura Provincial de Pontevedra, con esta data,

R E S O L V O:

UNICO.- Aproba-las novas características do Convenio 3615646, sendo no sucesivo, as seguintes:

Nome: "MONTES DE FIGUEIRÓ"

Elenco: 3615646

Superficie: 206 Hás.

Pertenza: Comunidade de Figueiró

Concello: Tomiño

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da Propiedade no vó creado: 70%

Participación da Consellería no vó creado: 30%

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 1993.

O CONSELLEIRO

(POR ORDE DO 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	36	15646
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a4..... demaio..... de mil novecentos noventa enove.....

R E U N I D O S

Dunha banda, D.CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ....., Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D.PALOMINO SANTOS OZORES..... como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man comúnFigueiró (TOMIÑO)....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do..... para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen aComunidade de Montes de Figueiró.....

e son os que a continuación se describen:

Denominación:"Montes de Figueiró".....

Termo municipal:TOMIÑO..... Provincia:PONTEVEDRA.....

Situación administrativa e legal Monte Veciñal en Man Común

Límites:

N.: Montes de Estás e Concello de Oia

S.: Fincas Particulares e Montes de Goián

E.: Fincas Particulares

O.: Montes de goián e Concello de Oia

Superficie: 185,895 Has

Estado forestal: S. Eucaliptus sp: 51,895 Has

S. Pinus Pinaster : 134 Has

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 185,895 Has

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: Sup. Rasa

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de figueiró

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 30 por cento, e a comunidade propietaria, o 70 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será coníferas e frondosas según plans anuais de traballos.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don^a María José León Gómez, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Figueiró do concello de Tomiño

2.—Que, así mesmo, figura Don Palomino Santos Ozores, e Don Rubén Ferreira Alonso, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 9-07-1999

E para que conste, expido a presente certificación

a 21 de novembro de 1999



Don Rubén Ferreira Alonso, Secretario de Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Figueiro

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 1998 estando designado Don Palomino Santos Ozores representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra

a vinteseis de Novembro de mil novecientos noventa e oito.

O SECRETARIO

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Palomino Santos Ozores



Asdo.: Ruben Ferreira Alonso

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente,

Asdo.. José Luís Aboal García-Tuñón

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que os montes de Figueiró foron conveniados con data 8 de xaneiro de 1992, cunha superficie total de 110 Has. e co número de convenio 3615646. Posteriormente, o 21 de xullo de 1993, modificouse a superficie engadíndolle 96 Has., quedando un total de 206 Has.

2º.- Que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de FIGUEIRÓ en Asemblea Xeral realizada o día 29 de marzo de 1998, acordou excluír da superficie total do Convenio unha superficie de 20 hectáreas, 10 áreas e 50 centiáreas, para dedicar a uso agrícola.

3º.- Que o saldo da conta do anticipo reintegrable do convenio presenta, a 31 de decembro de 1997, unha débeda de 5.447.258.-ptas.

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se acepte a exclusión das 20 hectáreas, 10 áreas e 50 centiáreas da superficie da parcela do Monte de Figueiró, sen que por parte da Comunidade de FIGUEIRÓ teñan que reintegrar cantidade ningunha.

SEGUNDO.- Que no sucesivo, o Covnenio teña as seguintes características:

Nome: "Montes de Figueiro"

Número: 3615646

Superficie: 185,895 Has.

Pertenza: Comunidade de FIGUEIRÓ.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTALS

Asdo.: Plácido Baamonde López




Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de rescisión parcial do Convenio nº 3615646, do Monte Veciñal en Man Común "MONTE DE FIGUEIRO", pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Figueiro, de forma que se exclúen 20 Has., 10 áreas e 50 centiáreas, restando conveniada unha superficie de 185,895 Has., e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta Sección Xurídica entende que procede a aceptación da rescisión parcial do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 9 de febreiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo. Ma José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que se acepte a exclusión das 20 hectáreas, 10 áreas e 50 centiáreas da superficie da parcela do Monte de Figueiró, sen que por parte da Comunidade de FIGUEIRÓ teñan que reintegrar cantidade ningunha.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o Convenio teña as seguintes características:

Nome: "Montes de Figueiró"

Número: 3615646

Superficie: 185,895 Has.

Pertenza: Comunidade de FIGUEIRÓ.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 1999

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL



Asdo. Jose Luis Aboal García-Tuñón

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

Que con data 15 de febreiro de 1999 o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Aceptar a exclusión de 20 ha., 10 a., e 50 ca., da superficie da parcela do **Monte de Figueiró**, sen que por parte da Comunidade de Figueiró teñan que reintegrar cantidade ningunha.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o Convenio teña as seguintes características:

Nome: MONTES DE FIGUEIRÓ

Número: 3615646

Superficie: 185,895 ha.

Pertenza: Comunidade de Figueiró.

Efectuada a revisión do convenio ó que afecta a mencionada Resolución, **proponse a súa modificación** a petición da Comunidade de Montes Veciñais en man común de Figueiró acordada en Asemblea Xeral o día 3 de outubro de 1999, e visto o informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Que se modifique a Resolución de data 15 de febreiro de 1999, **incluíndo no Convenio as 20 ha., 10 a., e 50 ca.,** que por error solicitou excluir a Comunidade.

SEGUNDO.- Que se acepte a exclusión de 17 ha., 78 a., e 50 ca., da superficie da parcela do monte de Figueiró para dedicar ó cultivo de viña, sen que por parte da Comunidade teñan que reintegrar cantidade algunha.

TERCEIRO.- Que os gastos por traballos mailos ingresos, segundo consta na conta do Convenio foron:

	INGRESOS	GASTOS	SALDO
08-01-92....Saldo inicial.....		3.681.862	3.681.862 H
“ Mellora capa rod. 1 Km 4025.....		196.245	
“ 50% subvención..... 98.122			3.779.985 H
“ 30% am 810.000 40341.....243.000			3.536.985 H
31-12-92.....Repoboación 5 Has 4113.....		883.445	
“50% subvención..... 41.723			3.978.707
“ Xuros		35.369	4.014.076 H
	782.845	4.796.921	4.014.076 H
01-01-93..... Saldo		4.014.076	4.014.076 H
31-12-93..... Xuros.....		40.140	4.054.216 H
			4.054.216 H
01-01-94.....Saldo.....		4.054.216	4.054.216 H
31-12-94.....Xuros.....		40.542	4.094.758 H
31-12-95.....Repoboación 17 Has 4553		2.408.441	
“Subvención.....1.204.220			5.298.979 H
“ Xuros.....		40.947	5.339.926 H
31-12-96..... “		53.399	5.393.325 H
31-12-97..... Restaur. cub. (0)..... 0			5.393.325 H
31-12-97..... Xuros.....		53.933	5.447.258 H
31-12-98..... Mellora de pistas F. 4827.....		567.986	
“ 86'25 Subvención..... 489.888			5.525.356 H
31-12-98.....Xuros.....		55.254	5.580.610 H
31-12-98.....Restaur. cub. vex. 4611.....		4.705.407	
“ 100% Subv. Hidrolox..... 4.705.407			5.580.610 H

CUARTO.- Que no sucesivo o Convenio teña as seguintes características:

Nome: **MONTES DE FIGUEIRÓ**

Número: 36 – 15646

Superficie: 188 ha., 21 a., e 50ca.

Pertenza: Comunidade de Figueiró

Concello: Tomiño (Pontevedra)

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%


Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta do convenio: **5.580.610 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 1999.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

INFORME MONTE DE FIGUEIRÓ 3615646

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común de Figueiró no concello de Tomiño (Pontevedra) para a segregación parcial do monte desa comunidade con destino ó cultivo de viña.

Con data 24 de novembro de 1999 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Pontevedra para segregar 17 has, 10 áreas e 50 centiáreas do monte Figueiró pertencente á comunidade de Figueiró no concello de Tomiño (Pontevedra) con destino ó cultivo de viña.

Vistas as certificacións do secretario da comunidade de datas 5 de outubro de 1999 e 22 de novembro de 1999 polas que a assemblea xeral autoriza ó presidente a solicita-lo inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 4 de novembro de 1999;

Vista a certificación de data 8 de novembro de 1999 do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

Visto o informe da enxeñeira de Montes do 1º distrito de data 9 de febreiro de 2000 e os informes do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra de data 5 de novembro de 1999 e de 9 de febreiro de 2000, favorables á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común;

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes, sempre que se garantice o pagamento das débedas a consecuencia do convenio; informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos, nin as valoracións de tipo económico nin outras cuestións de tipo civil. O presente informe refírese exclusivamente á cuestión sobre a rescisión parcial do convenio, non ó uso ulterior que se lle pretende dar á parte do monte que se segrega do convenio.



Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2000

Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Rectificar a Resolución de data 15 de febreiro de 1999, nos termos que seguidamente se especifican:

PRIMEIRO.- Incluir no Convenio as 20 ha., 10 a., e 50 ca., que por error solicitou excluir a Comunidade.

SEGUNDO.- Aceptar a exclusión de 17 ha., 78 a., e 50 ca., da superficie da parcela do monte de Figueiró para dedicar ó cultivo de viña, sen que por parte da Comunidade teñan que reintegrar cantidade algunha, xa que a superficie repoboada restante garantiza suficientemente a débeda do convenio.

TERCEIRO.- Aprobar o Convenio coas seguintes características:

Nome: **MONTES DE FIGUEIRÓ**

Número: 361-5646

Superficie: 188 ha., 21 a., e 50 ca.

Pertenza: Comunidade de Figueiró

Concello: Tomiño

Provincia: Pontevedra

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo da conta do convenio: **5.580.610 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, a elección do recurrente, recurso de reposición ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que fose presentado, esta Resolución será firme a tódolos efectos.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**



José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	36	15646
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a dez de marzo de dous mil. ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. PALOMINO SANTOS OZORES como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Figueiró (TOMIÑO), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Montes de Figueiró

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "Montes de Figueiró"

Termo municipal: TOMIÑO Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal Monte Veciñal en Man Común

Límites:

N.: Montes de Estás e Concello de Oia

S.: Fincas Particulares e Montes de goián

L.: Fincas Particulares

O.: Montes de goián e concello de Oia

Superficie: 188,215 Has

Estado forestal: S. Eucaliptus sp: 50,895 Has

S. P. Pinaster: 137,320 Has

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes:

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Figueiró

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 1 por cento, e a comunidade propietaria, o 100 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será coníferas e frondosas según plans anuais de traballos.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón